

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA,
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 22.11.2018 Hora: 10:30

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 22 de novembro de 2018, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en Comisión

1.1 35258 (10/POC-005567)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para garantir a suficiencia do marco regulador e protector das verteduras de refugallos nucleares preto da costa galega, as garantías que ten da inexistencia de riscos para a saúde humana, o medio mariño e o tráfico marítimo, así como os informes solicitados respecto disto ao Goberno central e a organismos europeos nos últimos cinco anos

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 353, do 06.09.2018

1.2 38347 (10/POC-006040)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis

Sobre o proxecto da Autoridade Portuaria de Vigo para usar os terreos da empresa Duchess e do cargadoiro de mineral de Rande como almacén de contedores, a opinión do Goberno galego referida á necesidade de desenvolver mecanismos de protección dese cargadoiro como elemento do patrimonio histórico industrial e o impacto dese proxecto para os habitantes da zona e a mobilidade dun núcleo urbano contiguo, así como o estudo da posibilidade de trasladar ese almacén a algún espazo de uso industrial da área urbana de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 371, do 16.10.2018

Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión

2.1 37452 (10/PNC-003011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de sistematización e transparencia na elaboración dos plans de inspección da Xunta de Galicia en materia de seguridade industrial, así como a

realización dun plan específico de inspeccións extraordinarias daquelas instalacións que teñan presentado recorrentes problemas de seguridade industrial de calquera tipo

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 365, do 03.10.2018

- 2.2 38502 (10/PNC-003076)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa intervención desenvolvida pola Axencia de Turismo de Galicia nun tramo do Camiño Primitivo, entre os lugares de Vilardongo e Pedrafitelas, na Fonsagrada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 371, do 16.10.2018
- 2.3 38811 (10/PNC-003112)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central respecto da orde definitiva para a tramitación referida aos suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso de enerxía eléctrica de 2013, os custos que se requiran para o cumprimento das sentenzas xudiciais na materia, así como o establecido nos artigos 16.4 e 17.6 da Lei 24/2013, do sector eléctrico
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018
- 2.4 39010 (10/PNC-003126)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Antón Vilasánchez, María Ángeles e 10 máis
Sobre a continuación polo Goberno galego co afondamento na mellora e especialización da Vía da Prata como ruta preferente para os peregrinos a cabalo, a través do impulso, polo menos, dun albergue adaptado a esas características
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018
- 2.5 39114 (10/PNC-003137)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo da empresa Alcoa en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018

- 2.6 39124 (10/PNC-003138)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co anuncio de peche da factoría de Alcoa na Coruña, así como as demandas que debe realizar ao Ministerio de Transición Ecolóxica respecto da industria electrointensiva e a regulación do sector eléctrico
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018
- 2.7 39150 (10/PNC-003142)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia, con carácter trimestral, dun informe referido ás actuacións levadas a cabo para a celebración do Ano Xacobeo 2021 e aos investimentos necesarios nos Camiños de Santiago en peor estado de conservación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 378, do 31.10.2018
- 2.8 39528 (10/PNC-003174)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego á Dirección da empresa pública Navantia para manter a carga de traballo en obra civil do estaleiro de Fene
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 380, do 06.11.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2018

Cristina Isabel Romero Fernández

Presidenta da Comisión

**Asinado dixitalmente por: Cristina Isabel Romero Fernández, na data
14/11/2018 14:11:10**

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Vicepresidenta	
Sandra Vázquez Domínguez	P
Secretaria	
Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Luca Chao Pérez	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Moisés Rodríguez Pérez	P
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 22.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 22.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 35258(10/POC-005567)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para garantir a suficiencia do marco regulador e protector das verteduras de refugallos nucleares preto da costa galega, as garantías que ten da inexistencia de riscos para a saúde humana, o medio mariño e o tráfico marítimo, así como os informes solicitados respecto disto ao Goberno central e a organismos europeos nos últimos cinco anos

Publicación da iniciativa, 353, 06.09.2018

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á suficiencia do marco regulador e protector das verteduras de residuos nucleares próximos a Galiza.

O Parlamento Galego aprobou no ano 2006, impulsada polo Bloque Nacionalista Galego, a declaración de Galiza como territorio desnuclearizado. Porén, durante os anos de goberno Feijóo non ten estado na axenda do goberno do Partido Popular apostar por evitar de maneira definitiva a implantación en Galiza de centrais nucleares ou depósitos de residuos procedentes destas instalacións. Máis aínda, a luz dos últimos acontecementos coñecidos, obsérvase unha falta de preocupación polos riscos que o noso país poida estar a padecer derivados da falta de control sobre o transporte e depósito dos residuos nucleares, nomeadamente no tránsito polo noso territorio mariño.

A finais de 2017 cumpríronse os 35 anos do fin das verteduras de refugallo de orixe nuclear na chamada Fosa Atlántica, froito da mobilización social e que foron realizados tamén preto do territorio galego por parte de países como Gran Bretaña, Francia, Bélxica e Holanda. Porén, a día de hoxe existen dúbidas entre os organismos europeos e estatais sobre a quen corresponde a súa vixilancia. Desde o Bloque Nacionalista Galego observamos este asunto con preocupación. Máis unha vez, a falta de vontade do Partido Popular de exercer de goberno galego sumado á falta de soberanía para actuar sobre cuestións de importancia transcendental para a saúde do



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 11:21
Nº Rexistro: 35258
Data envío: 29/08/2018 11:21:50.820

noso medio e das nosas persoas. Máis aínda, conséntase o mesmo desatendemento por parte do Partido Popular no Estado, quen en 2012 rexeitou unha petición do Bloque Nacionalista Galego no Congreso para demandar unha inspección dos residuos radioactivos así como información á administración galega.

Recentemente coñecemos como o Organismo Internacional da Enerxía Atómica (OIEA) confirmaba ao xornal dixital galego Praza Pública que non é competencia súa vixiar o estado dos refugallos. Así mesmo a Organización Marítima Internacional tampouco esclarece a cuestión. Na mesma liña, a OSPAR non esclarece información que poida darnos tranquilidade sobre a vixilancia e estudo deste tipo de residuos. Unha situación a todas luces grave e que debe preocupar ás administracións xa que, loxicamente, estes refugallos seguen depositados no fondo mariño e polo tanto son un factor de risco.

Segundo o Artigo 30 do Estatuto de Autonomía de Galiza correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado na materia de industria, sen prexuízo do que determinen as normas do Estado por razóns de seguridade, sanitarias ou de interese militar e as normas relacionadas coas industrias que estean suxeitas á lexislación de minas, hidrocarburos e enerxía nuclear. Polo tanto, nesta cuestión e diante do desatendemento por parte do Estado central, Galiza debe actuar e exercer o seu poder político para, tanto no ámbito do seu traballo como nas negociacións e colaboracións co goberno central e a Unión Europea, facer valer a necesidade de garantir a suficiencia do marco regulador e protector das verteduras de residuos nucleares próximos a Galiza.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 11:21
Nº Rexistro: 35258
Data envío: 29/08/2018 11:21:50.820

-Coñece o goberno galego a quen corresponde a vixilancia das verteduras de refugallos nucleares producidas nas proximidades da costa galega?

-Ten coñecemento o goberno galego da situación de falta de vixilancia descrita? Que actuacións levou a cabo para garantir a suficiencia do marco regulador e protector das verteduras de residuos nucleares próximos a Galiza?

-Coñece o goberno galego cales son os estudos máis recentes sobre a situación destas verteduras?

-Ten garantías a Xunta de Galiza de que non supoñen un risco para a saúde das persoas?

-Ten garantías a Xunta de Galiza de que non supoñen ningún tipo de risco ou afectación para o medio mariño?

-Ten garantidas a Xunta de Galiza as condicións de seguridade para o tráfico mariño?

-Que informes ten demandado o goberno galego sobre esta cuestión ao goberno central nos últimos 5 anos? E a organismos europeos?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 11:21
Nº Rexistro: 35258
Data envío: 29/08/2018 11:21:50.820

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2018 11:20:53

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2018 11:20:57

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2018 11:21:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2018 11:21:01

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2018 11:21:02

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2018 11:21:03

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 22.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 38347(10/POC-006040)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis

Sobre o proxecto da Autoridade Portuaria de Vigo para usar os terreos da empresa Duchess e do cargadoiro de mineral de Rande como almacén de contedores, a opinión do Goberno galego referida á necesidade de desenvolver mecanismos de protección dese cargadoiro como elemento do patrimonio histórico industrial e o impacto dese proxecto para os habitantes da zona e a mobilidade dun núcleo urbano contiguo, así como o estudo da posibilidade de trasladar ese almacén a algún espazo de uso industrial da área urbana de Vigo

Publicación da iniciativa, 371, 16.10.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 12:12
Nº Rexistro: 38347
Data envío: 08/10/2018 12:12:24.244

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez, Patricia Vilán Lorenzo e José Manuel Pérez Seco, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A Autoridade Portuaria de Vigo é un ente de carácter público, dependente de Portos do Estado polo tanto do Ministerio de Fomento, que ten entre outras as seguintes competencias: ordenación da zona de servizo do porto e dos usos portuarios; planificación, proxecto, construción, conservación e explotación das obras e servizos do porto e dos sinais marítimos; fomento de actividades industriais e comerciais relacionadas co tráfico marítimo ou portuario; coordinación das operacións das distintas modalidades de transporte no espazo portuario.

A súa área de influencia supera a cidade de Vigo, estendéndose por outros catro concellos: Cangas, Moaña, Vilaboa e Redondela, ocupando tanto terreos do Dominio Público Marítimo Terrestre como aterramentos que se levaron a cabo nas últimas décadas. Ao longo duns 5 quilómetros, e arredor de 20 hectáreas da beiramar do concello de Redondela, están suxeitos ás directrices que emanan dende a Presidencia e o Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo.

Xa na actualidade varias empresas están radicadas na zona preto do mar, con importantes aterramentos, mesmo dentro da Rede Natura 2000. Unha das parcelas de maior tamaño constitúena os terreos da Empresa Duchess, ou do “Cargadoiro de Mineral de Rande”. Nos últimos anos dende a Presidencia da Autoridade Portuaria tense manifestado interese por rentabilizar os terreos ociosos desta concesión, ao igual que os de David Fernández Grande, ou “Cargadoiro de Pedra”.

A primeira das propostas que o presidente da Autoridade Portuaria lanzou propoñía converter estes terreos enclavados no Estreito de Rande en peirao para arranxo de barcos, ou para aqueles que puidesen quedar abandonados. Mesmo recollía a posibilidade de dismantelar o propio cargadoiro, unha das pezas máis singulares da histórica industrialización da beiramar de Redondela.

Nas últimas semanas o propio presidente da Autoridade Portuaria vén de presentar a proposta de adquirir os terreos pertencentes á empresa Duchess, co fin de construír un novo vial de entrada e saída de camións. Converteríase este ámbito, de algo máis de 40.000 metros cadrados, nun grande espazo de almacenamento de contedores, en pleno corazón da Rede Natura 2000. Segundo transcendeu publicamente, a proposta conta co respaldo do Consello de Administración da Autoridade Portuaria, da que forman parte Alfonso Rueda, Ignacio López Chaves e Mercedes Rodríguez.

Nalgunha das declaracións de López Veiga ten recollido a necesidade de recuperar a actividade no “Cargadoiro de Pedra” de Rande, e mesmo chegar aínda máis a dentro, ata a Punta Soutela, ámbito competencial ao que chega a Autoridade Portuaria.

Calquera das alternativas propostas volve a poñer en grave risco o xa de por si difícil equilibrio medioambiental dun espazo tan singular como o Estreito de Rande, a Enseada de San Simón, espazo declarado Lugar de Interese Comunitario (LIC), Rede Natura 2000.

Este espazo singular, alberga o escenario da Batalla Naval de Rande, o Museo Meirande, ademais doutros elementos de grande valor como a Illa de San Simón, os restos da fortificación defensiva de Rande, a praia de Cesantes, e numerosas mostras de patrimonio industrial e etnográfico.

Un proxecto destas características vai levar aparellado un elevado investimento tanto na adquisición dos terreos como na execución das obras dos accesos. E vai ter un impacto moi negativo na calidade de vida da veciñanza de Rande e Cabana, debido principalmente ao tráfico pesado. En lugar de protexer e potenciar os valores culturais e ambientais da zona, preténdese alterar este espazo da beiramar converténdoo nun almacén de contedores.

Por outra banda, a Plataforma Loxística Salvaterra As Neves (Plisan), promovida pola Xunta de Galicia, Zona Franca e Autoridade Portuaria, logo de máis de unha década de retraso, está no proceso de urbanización da primeira fase. Parece lóxico que este “porto seco” actúe como espazo loxístico e acolla proxectos como o que a autoridade portuaria de Vigo pretende situar en Rande.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 12:12
Nº Rexistro: 38347
Data envío: 08/10/2018 12:12:24.244

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Coñece a Xunta de Galicia o proxecto presentado pola Autoridade Portuaria de Vigo para utilizar o espazo da Empresa Duchess, e do vello cargadoiro de mineral da empresa Coto Wagner como almacén de contedores vinculados ao tráfico portuario?
2. Considera o Goberno galego que deberían desenvolverse mecanismos axeitados de protección do cargadoiro de mineral da empresa Coto Wagner como elementos de patrimonio histórico industrial?
3. Considera a Xunta de Galicia que os efectos sobre os habitantes da zona que pode producir unha nova base de contenedores e compatible co normal desenvolvemento da vida cotiá e a mobilidade dun núcleo urbano contiguo?
4. Ten estudiado a Xunta de Galicia coa Autoridade Portuaria de Vigo a posibilidade de trasladar esa base de contenedores a algún espazo de utilización industrial da área urbana de Vigo, como por exemplo a Plisan?

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Patricia Vilán Lorenzo
José Manuel Pérez Seco
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/10/2018 12:10:47

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/10/2018 12:11:00

Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/10/2018 12:11:06

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 22.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 22.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 37452(10/PNC-003011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de sistematización e transparencia na elaboración dos plans de inspección da Xunta de Galicia en materia de seguridade industrial, así como a realización dun plan específico de inspeccións extraordinarias daquelas instalacións que teñan presentado recorrentes problemas de seguridade industrial de calquera tipo

Publicación da iniciativa, 365, 03.10.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 13:03
Nº Rexistro: 37452
Data envío: 24/09/2018 13:03:23.848



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

O pasado 11 de setembro, produciuse un incendio na nave que a empresa Xesnatura do Grupo Couceiro, dedicada á xestión de residuos e reciclaxe, ten no polígono de As Gándaras no concello de O Porriño. É o terceiro incidente deste tipo que sofren instalacións deste grupo empresarial, dedicada a reciclaxe, un no ano 2008 na mesma nave e outro no ano 2014 nas naves de outra empresa do mesmo grupo empresarial.

Na actuación, deste mes de setembro, os bombeiros e responsables que actuaron detectaron importantes deficiencias de seguridade, como o feito de que os hidrantes de subministración de auga en caso de accidente estaban cubertos polos residuos almacenados, impedindo a súa utilización e dificultando máis a extinción.

Sabemos que segundo o Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril), corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de industria, sen prexuízo do que determinen as normas do Estado, no seu artigo 30.1. A norma actual de referencia no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento desta competencia é o Decreto legislativo 1/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial (DOG 128, 09.07.2015).

Dentro das inspeccións de industria hai dous tipos, as inspeccións ordinarias e inspeccións extraordinarias (artigo 17; coincidentes lembremos en número cos da Lei 9/2004); entre as inspeccións



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 13:03
Nº Rexistro: 37452
Data envío: 24/09/2018 13:03:23.848



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

extraordinarias, existe un tipo específico relativo ás inspeccións en caso de accidente. Ademais de establecer para a realización das inspeccións ordinarias (inspeccións con posterioridade á posta en funcionamento), establécense plans e programas de inspección. Do resultado dos plans de inspección, prevese no artigo 26.1 do Decreto lei 1/2015 que se dará conta de forma bianual ao Parlamento de Galicia, por medio da Comisión de Industria.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver un plan de sistematización e transparencia na elaboración dos plans de inspección da Xunta de Galicia en materia de seguridade industrial, neste período de sesións.
2. Realizar un plan específico de inspeccións extraordinarias daquelas instalacións industriais que teñan presentado recorrentes problemas de seguridade industrial de calquera tipo, neste período de sesións.
3. Dar conta inmediata ao Parlamento de Galicia, por medio da Comisión de Industria dos resultados dos plans de inspección, tal e como se prevé no artigo 26.1 do Decreto lei 1/2015.

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 13:03
Nº Rexistro: 37452
Data envío: 24/09/2018 13:03:23.848



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 24/09/2018 13:01:56

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/09/2018 13:02:04

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/09/2018 13:02:08

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 22.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 38502(10/PNC-003076)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa intervención desenvolvida pola Axencia de Turismo de Galicia nun tramo do Camiño Primitivo, entre os lugares de Vilardongo e Pedrafitelas, na Fonsagrada

Publicación da iniciativa, 371, 16.10.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:02
Nº Rexistro: 38502
Data envío: 10/10/2018 10:02:30.794



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6.ª**, relativa á modificación do Camiño Primitivo entre os lugares de Vilardongo e Pedrafitelas, na Fonsagrada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha vez máis comprobamos como as intervencións da Axencia de Turismo de Galicia deixan unha terrible pegada sobre os diferentes camiños de Santiago.

Neste caso falamos do Camiño Primitivo e de como sobre el actuou maquinaria pesada, nivelaron o terreo, cimentaron con sumidoiros, rechearon con cascallo e xabre. Son parte das desfeitas que fixo a **Axencia de Turismo de Galicia** nun tramo do **Camiño Primitivo** entre os lugares de Vilardongo e Pedrafitelas, na Fonsagrada, denunciadas polo Foro do Camiño á organización de vixilancia do patrimonio ICOMOS, vencellada a Nacións Unidas.

O Foro, que integra a trinta colectivos a prol dos itinerarios xacobeos, censura “a construción dun novo Camiño de Santiago no século XXI” a cargo da Axencia Galega de Turismo da Xunta. Estas actuacións son habituais dende hai dous anos, chegando a alterar ata tres veces o mesmo treito.

Tal e como denuncia o Foro “Esta nova e gravísima modificación da arquitectura e paisaxe do Camiño Primitivo conleva a perda irremisible da súa memoria inmaterial asociada á vía milenaria tradicional, así como do **seu valor histórico e cultural**”,

Así, denuncian que o proceso de pavimentación implica a “**uniformización e desnaturalización**” da **ruta de peregrinación** a Compostela, “perdéndose



definitivamente o fío condutor co pasado, a súa diversidade, integridade e autenticidade”. A construción deste novo camiño de cemento por riba da traza medieval traspasa os límites de reforma, polo que se solicita a ICOMOS promover a aplicación dos criterios de protección.

Hai que destacar, que alén dun recurso turístico moi valioso, os Camiños de Santiago teñen un valor patrimonial fundamental como *camiños históricos* que debe ser preservado. Ademais dunha enorme riqueza paisaxística e cultural que temos que protexer.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1. Restituír o trazado orixinal.
2. Garantir a aplicación dos criterios de protección nas intervencións que se fan no Camiño.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:02
Nº Rexistro: 38502
Data envío: 10/10/2018 10:02:30.794

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 10/10/2018 09:51:50

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/10/2018 09:51:58

Luis Villares Naveira na data 10/10/2018 09:52:06

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 22.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 38811(10/PNC-003112)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central respecto da orde definitiva para a tramitación referida aos suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso de enerxía eléctrica de 2013, os custos que se requiran para o cumprimento das sentenzas xudiciais na materia, así como o establecido nos artigos 16.4 e 17.6 da Lei 24/2013, do sector eléctrico

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Grazas ás políticas enerxéticas do PP na Xunta e no Estado as galegas e galegos imos pagar unha tarifa eléctrica galega “do revés”. No lugar de vérmonos beneficiadas e beneficiados por producir, imos pagar a factura máis alta do Estado por causa da aplicación das sentenzas en relación aos suplementos territoriais de 2013.

O Goberno español publicou no verán de 2013 o borrador da Orde na que recolle os suplementos territoriais en relación ás peaxes de acceso á enerxía eléctrica e que suporán o pago por parte das persoas consumidoras dos impostos específicos que paguen as empresas eléctricas pola súa produción. De acordo coa memoria económica que acompaña a proposta de Orde publicada polo Goberno español, Galiza sería quen teña que soportar un maior prezo como resultado da imposición deses suplementos. Así as cousas, a contía variará en función do consumo e a potencia contratada.

Nestes meses, non houbo novidades canto aos recursos legais impulsados pola Xunta de Galiza no momento en que se asina a iniciativa. Tamén, desde ese momento volveu haber pronunciamentos do Parlamento galego.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 12:12
Nº Rexistro: 38811
Data envío: 16/10/2018 12:12:00.128

Esta situación é un atentado ao autogoberno galego e unha nova estafa ás galegas e galegos e o reflexo da inacción do Goberno de Feijóo que rexeitou en numerosas ocasións as propostas do BNG para recorrer tanto a modificación da normativa eléctrica que converteu en obrigatorio a inclusión nas peaxes eléctricas dos suplementos territoriais aprobada a través do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, como as Ordes ditadas en aplicación destas.

As medidas do goberno galego chegaron tarde e teñen sido insuficientes, ademais de non ter emprendido negociación política algunha neste tempo. Así mesmo, o goberno de Pedro Sánchez non amosou ningunha vontade para que as comunidades produtoras non nos vexamos prexudicadas.

Por riba, coñecemos un novo auto do Supremo con data 26/09/2018 que recolle “Fijar el próximo día 30 de noviembre como fecha última para la ejecución solicitada”

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado:

1. Que exclúa a Galiza da Orde definitiva para a tramitación respecto dos suplementos territoriais para o exercicio 2013, por atentar contra as competencias galegas en materia de tributación ambiental e por seren contrarias para os intereses dos galegos e galegas e da nosa economía.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 12:12
Nº Rexistro: 38811
Data envío: 16/10/2018 12:12:00.128

2. En caso de non prosperar os recursos legais e políticos á aplicación dos suplementos territoriais, demandar do Estado a asunción de todos os custes que sexan requiridos para dar cumprimento a estas Sentenzas, xa que foi unha norma emitida polo goberno central a causante destas.

3. Demandar a derogación dos artigos 16.4 e 17.6 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico que recollen a posibilidade de repercutir os suplementos territoriais sobre as persoas consumidoras por supoñer unha penalización ás comunidades produtoras e unha inxerencia ns competencias galegas en materia de tributación ambiental.”

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 12:12
Nº Rexistro: 38811
Data envío: 16/10/2018 12:12:00.128

Noa Presas Bergantiños na data 16/10/2018 12:07:37

María Montserrat Prado Cores na data 16/10/2018 12:07:44

Ana Pontón Mondelo na data 16/10/2018 12:07:46

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/10/2018 12:07:48

Olalla Rodil Fernández na data 16/10/2018 12:07:49

Xosé Luis Bará Torres na data 16/10/2018 12:07:51

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 22.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 39010(10/PNC-003126)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e 10 máis

Sobre a continuación polo Goberno galego co afondamento na mellora e especialización da Vía da Prata como ruta preferente para os peregrinos a cabalo, a través do impulso, polo menos, dun albergue adaptado a esas características

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 09:50
Nº Rexistro: 39010
Data envío: 18/10/2018 09:50:31.773

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, César Fernández Gil, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Encarna Amigo Díaz, Martín Fernández Prado, Paula Prado del Río, Cristina Romero Fernández e Diego Calvo Pouso**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

O Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021 é un documento de traballo que marca as directrices e accións a realizar a favor do Camiño de Santiago en múltiples ámbitos, dado o seu carácter poliédrico.

Deste xeito, o Plan Director, con bo criterio, decidiu concentrar esforzos e dedicar, cada ano desde a súa aprobación, a actuar nun dos diferentes Camiños abordando todos eses aspectos múltiples co obxectivo de adecuar e acondicionar cada ruta cara á celebración do Xacobeo 2021.

O Camiño de Fisterra-Muxía, o Camiño inglés e o Camiño Portugués foron destinatarios de actuacións neste período e a previsión leva a que o ano 2019 sexa o ano destinado á Vía da Prata.

O Camiño ten un ámbito territorial, físico, que é a senda pola que discorre e, paralelo a ela, ten un aspecto de prestación de servizo, de satisfacción das necesidades de todos os que percorrendo as rutas xacobeas na nosa Comunidade se achegan a tumba do Apóstolo.

Por iso, no devandito plan incorpórase na liña estratéxica 7 de Especialización e calidade no servizo de atención ao peregrino, unha primeira medida destinada á xestión integrada da rede pública de albergues e melloras das infraestruturas, que recolle especificamente a mellora de equipamentos e servizos.

Precisamente equipamentos e servizos son as demandas dun colectivo específico que, maila non representar unha porcentaxe moi elevada no conxunto dos peregrinos/as, é unha constante na peregrinación a Santiago. Son as persoas peregrinas que realizan a ruta a cabalo.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 09:50
Nº Rexistro: 39010
Data envío: 18/10/2018 09:50:31.773

Tendo en conta que, segundo as informacións, este colectivo escolle, nun número importante, a ruta da Vía da Prata para achegarse a Santiago, considérase importante ter este dato en consideración á hora de planificar as accións de revitalización e adecuación da Vía da Prata no 2019.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir afondando na mellora e especialización da Vía da Prata como ruta preferente para os peregrinos a cabalo a través do impulso, a lo menos, dun albergue adaptado a estas características”.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 18/10/2018 09:36:41

Maria Antón Vilasánchez na data 18/10/2018 09:36:55

Teresa Egerique Mosquera na data 18/10/2018 09:37:02

César Manuel Fernández Gil na data 18/10/2018 09:37:11

Carlos Gómez Salgado na data 18/10/2018 09:37:14

María Isabel Novo Fariña na data 18/10/2018 09:37:24

Antonio Mouriño Villar na data 18/10/2018 09:37:35

María Encarnación Amigo Díaz na data 18/10/2018 09:37:44

Martín Fernández Prado na data 18/10/2018 09:37:49

Paula Prado Del Río na data 18/10/2018 09:37:58

Cristina Isabel Romero Fernández na data 18/10/2018 09:38:20

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 09:50
Nº Rexistro: 39010
Data envío: 18/10/2018 09:50:31.773

Diego Calvo Pouso na data 18/10/2018 09:38:27

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 22.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.5 39114(10/PNC-003137)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo da empresa Alcoa en Galicia

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 17 de outubro a empresa Alcoa comunicou aos cadros de persoal así como publicamente a súa intención de pechar as instalacións da empresa na Coruña.

O grupo conta na Coruña con preto de 400 traballadores e traballadoras, polo que a consumación do peche tería un enorme impacto na cidade e na súa contorna, ademais de contribuír á perda de tecido industrial en Galiza.

Unha das razóns fundamentais do peche vén sendo o prezo da factura da luz, que supón máis do 50% dos custos de produción. Unha evidencia máis de que a defensa que fai o nacionalismo da necesidade de mudar o sistema de poxas de interompibilidade por un máis estábel, así como promover unha tarifa eléctrica galega que dea vantaxes competitivas ás empresas radicadas no noso país, está de extrema actualidade.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 17:27
Nº Rexistro: 39114
Data envío: 18/10/2018 17:27:49.805

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a realizar todas as accións necesarias encamiñadas a garantir os centros produtivos e os postos de traballo de Alcoa en Galiza, a comezar por:

1. Solicitar da multinacional a retirada do ERE de extinción de emprego.
2. Promover a constitución dunha mesa de negociación para loitar pola continuidade da empresa na que se dea participación ao cadro de persoal, entidades sociais e administracións comprometidas coa súa permanencia.
3. Negociar un marco enerxético estábel para a industria do noso país que permita unha tarifa eléctrica galega que mellore a nosa competitividade”

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 17:27
Nº Rexistro: 39114
Data envío: 18/10/2018 17:27:49.805

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 18/10/2018 17:25:53

María Montserrat Prado Cores na data 18/10/2018 17:25:58

Xosé Luis Bará Torres na data 18/10/2018 17:25:59

Olalla Rodil Fernández na data 18/10/2018 17:26:03

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/10/2018 17:26:07

Ana Pontón Mondelo na data 18/10/2018 17:26:10

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 22.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.6 39124(10/PNC-003138)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co anuncio de peche da factoría de Alcoa na Coruña, así como as demandas que debe realizar ao Ministerio de Transición Ecolóxica respecto da industria electrointensiva e a regulación do sector eléctrico

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 17:56
Nº Rexistro: 39124
Data envío: 18/10/2018 17:56:11.661



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6.^a**, relativa ao anunciado peche da factoría de Alcoa na Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Alcoa, unha empresa que recibiu 1.000 M€ dos petos de toda a cidadanía a través do recibo da luz, para garantir a súa viabilidade non pode dar a espantada.

É imprescindible poñer en marcha de inmediato unha mesa de negociación entre a empresa, os traballadores, os Concellos afectados, a Xunta e o Goberno do Estado. Para elo o primeiro é que Alcoa retire o ERE de extinción.

En Marea presentou no Parlamento e no Congreso en 2016, 2017 e 2018 varias iniciativas para mellorar o sistema e garantir a viabilidade das empresas electrointensivas. Sempre foron rexeitadas polo PP, tanto en Galicia como en Madrid.

O Goberno do PP de Rajoy estivo 6 anos poñendo parches e adxudicou centos de millóns de € a Alcoa sen exixir nin controlar que se investira na mellora das instalacións para facelas máis competitivas. Agora rásganse as vestiduras e tratan de culpar ao Goberno do Estado.

É imprescindible avanzar en novas medidas que dean estabilidade ao sector da industria electrointensiva, para elo un primeiro paso sería a convocatoria e execución inmediata da partida orzamentaria de 2018 de 150 M€ para mellorar a viabilidade da industria electrointensiva.



Neste eido, En Marea presentou unha PNL no Parlamento de Galicia para que se executara a partida orzamentaria de 2017 tamén de 150 M€ para o mesmo obxectivo. O PP de Galicia votou en contra e non se executou nin un euro. O filibusteirismo político leva agora ao Sr. Feijóo a exixir ao Goberno do Estado o que rexeitou en 2017, abandonando aos traballadores de Alcoa á súa sorte.

Se Alcoa insiste nas súas intencións o Goberno galego e do Estado teñen que demandala para exixir a devolución dos 1.000 M€.

É imprescindible a modificación do sector eléctrico para facer competitiva a toda a industria. A primeira medida sacar a produción hidráulica, eólica e nuclear das poxas diarias de enerxía e obrigar a que sexa vendida a longo prazo con prezos xustos e estables. Así mesmo permitírase a contratación bilateral física entre produtores e grandes consumidores como Alcoa. Isto podería baixar o prezo do Mwh en mais dun 50%.

É imprescindible condicionar as axudas á industria electrointensiva á mellora tecnolóxica e ao mantemento do emprego. Isto garantiría a súa viabilidade a longo prazo.

Ante todo o exposto e considerando que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6.ª:**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Realizar as actuacións necesarias ante Alcoa para que retire o ERE de extinción como primeira medida para reconducir a situación.
- 2.- Desenvolver todas as accións necesarias para poñer en marcha de inmediato unha mesa de negociación entre a empresa, os traballadores, os Concellos afectados, a Xunta e o Goberno do Estado.



3.- Instar ao Ministerio de Transición Ecolóxica a convocatoria e execución inmediata da partida orzamentaria de 2018 de 150 M€ para mellorar a viabilidade da industria electrointensiva.

4.- Instar ao Ministerio de Transición Ecolóxica a condicionar as axudas á industria electrointensiva á mellora tecnolóxica e ao mantemento do emprego. Estas condicións deberían ter unha puntuación nas poxas como mínimo similares ao prezo.

5.- Instar ao Ministerio de Transición Ecolóxica a modificar de maneira inmediata a regulación do sector eléctrico para facer competitiva a toda a industria. A primeira medida sacar a produción hidráulica, eólica e nuclear das poxas diarias de enerxía e obrigar a que sexa vendida a longo prazo con prezos xustos e estables. Así mesmo permitírase a contratación bilateral física entre produtores e grandes consumidores como Alcoa.

6.- No caso de que Alcoa insista na súa intención de pechar a factoría de A Coruña, desenvolver os estudos legais necesarios para avaliar a posibilidade de presentar unha demanda á compañía para exixir a devolución das axudas recibidas dada a evidencia que non foron aplicadas aos fins previstos na normativa, garantir a viabilidade da factoría.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea



Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 17:56
Nº Rexistro: 39124
Data envío: 18/10/2018 17:56:11.661

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 18/10/2018 17:52:13

Luis Villares Naveira na data 18/10/2018 17:52:22

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 22.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.7 39150(10/PNC-003142)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia, con carácter trimestral, dun informe referido ás actuacións levadas a cabo para a celebración do Ano Xacobeo 2021 e aos investimentos necesarios nos Camiños de Santiago en peor estado de conservación

Publicación da iniciativa, 378, 31.10.2018



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

Con motivo do próximo Xacobeo 2021 e a separación da Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria en dúas, cremos conveniente realizar un exhaustivo seguimento sobre as operacións, investimentos e melloras que se están a realizar nos diferentes tramos dos distintos camiños de Santiago. A incorporación do Camiño de Inverno e o crecente aumento de afluencia peregrina noutros camiños distintos ao Camiño francés fan desta proposta de resolución unha proposta firme que ofrecerá maior información aos diferentes negocios con intereses nas rutas xacobeas, así como aos seus usuarios.

Co fin de ter un “mellor Xacobeo da historia”, en palabras do presidente Feijóo, é preciso ofrecer información actualizada e continua do que se está a facer. Un maior control democrático das actuacións da Xunta de Galicia en materia xacobeas vese como imprescindible a tan só un ano e medio escaso.

Por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

Remitir trimestralmente á Cámara galega, un informe sobre as actuacións realizadas cara a realización do “Xacobeo 2021”, e onde, entre outras medidas, que contemple os investimentos necesarios para potenciar as actuacións nos Camiños de Santiago que se atopan en peor estado de conservación, tendo en conta as opinións de usuarios e expertos.

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2018



Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 18/10/2018 18:48:06

Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/10/2018 18:48:20

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/10/2018 18:48:28

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 22.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.8 39528(10/PNC-003174)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego á
Dirección da empresa pública Navantia para manter a carga de
traballo en obra civil do estaleiro de Fene

Publicación da iniciativa, 380, 06.11.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 39528
Data envío: 31/10/2018 14:49:09.707

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Tellado Filgueira, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Sandra Vázquez Domínguez, Diego Calvo Pouso e José Manuel Rey Varela**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

Navantia é unha peza estratéxica da economía non só de Ferrolterra, senón tamén de Galicia, que represente o 16% do PIB industrial da provincia da Coruña e o 24% do seu emprego industrial, cifras que son unha boa mostra do que esta empresa pública estatal significa dentro do tecido industrial e do sector naval en particular.

De feito, os estaleiros da Ría de Ferrol están contribuíndo a que nosa comunidade conte con preto de 38.500 traballadores vencellados ao sector naval e á industria auxiliar e que as afiliacións medrasen un 6% no último ano.

Unha boa parte deste crecemento vén motivado pola estratexia de diversificación seguida no estaleiro en Fene, nomeadamente no ámbito da eólica mariña, que ten situado a Navantia como principal proveedor de *jackets* para os parques eólicos *offshore* Wiking, en Alemaña, e Est Anglia One, en Escocia, entre outros.

Trátase, polo tanto, dunha alternativa en firme para ampliar as liñas de negocio e as oportunidades de emprego deste estaleiro en base ao coñecemento e a experiencia acumulada nun sector que está en pleno crecemento - instalaranse en Europa 16,5 GW de eólica mariña nos próximos cinco anos -. Unha importante capacidade produtiva que os sitúa nunha posición de vantaxe para conseguir novos contratos.

Sirva de exemplo do seu impacto que só o contrato para East Anglia One supuxo para Ferrol e a súa Comarca máis dun millón de horas de traballo, o que implicou uns 800 empregos de media durante 20 meses, chegando a picos de 1.300 e 1.500 empregos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 39528
Data envío: 31/10/2018 14:49:09.707

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse á Dirección da empresa pública Navantia a continuar o esforzo no eido comercial para manter a carga de traballo en obra civil do estaleiro de Fene, xa sexa a través da eólica offshore coma coa construción de buques civís”.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 31/10/2018 14:38:27

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 31/10/2018 14:38:39

Maria Antón Vilasánchez na data 31/10/2018 14:39:34

Moisés Blanco Paradelo na data 31/10/2018 14:40:01

Moisés Rodríguez Pérez na data 31/10/2018 14:40:07

Marta Novoa Iglesias na data 31/10/2018 14:40:21

Cristina Isabel Romero Fernández na data 31/10/2018 14:40:32

Sandra Vázquez Domínguez na data 31/10/2018 14:40:44

Diego Calvo Pouso na data 31/10/2018 14:40:54

José Manuel Rey Varela na data 31/10/2018 14:41:02

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com